

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 31 de xullo de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados:

D. Javier Pardo Espiñeira.
D^a. Ana Laura Iglesias González
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de xullo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario a concelleira, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(904).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(905).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DS NEVES DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2015. EXPTE. 6114/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/07/15 e de fiscalización do 21/07/15, dáse conta do informe-proposta do 27/07/15, da xefa do

servizo de Festas conformado pola concelleira de área e polo concelleiro de Orzamentos que di o seguinte:

“A concellería de Festas e Turismo está a xestionar o programa de actividades que terán lugar na nosa cidade nos meses de xullo, agosto e setembro, dentro das Festas de Verán 2015. Dentro desta programación véñense incluíndo nos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo, e que se realiza en colaboración con diversas entidades, xa que o Concello non dispón dos medios suficientes para afrontar a organización en solitario destes eventos.

Así, como consecuencia dunha resolución da concelleira de Festas de data 30 de xuño de 2015 iniciouse o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), para a realización da “Festa da Sardiña 2015”, os vindeiros 1 e 2 de agosto, na carballeira da Guía, dentro da programación “Vigo en Festas 2015”.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de Reis, Entroido, etc.).

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ó limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

Este convenio prevé unha disposición dineraria de 7.650,00 euros, con cargo á aplicación 3380.489.0004 (Convenio Comisión Festas N. S. da Guía – Festa Sardiña) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio.

Outras obrigas que asume o Concello respecto da entidade son: colaborar na organización xeral en xestións como a presenza da Policía Local e dos servizos de Protección civil, editar un total de 500 carteis que distribuirán posteriormente a entidade e incluír a festa gastronómica no programa “Vigo en Festas 2015”.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 16.449,00 euros.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

Dado o carácter cultural, cívico e social, responde ademais ao previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co

previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 19 de xuño de 2015.

A presente axuda aparece nominativamente recollida a favor do destinatario dentro do capítulo 4 do presente orzamento (Convenio Comisión Festas N. S. da Guía – Festa Sardiña) do mesmo capítulo económico.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira de Festas e Turismo faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para a organización da “Festa da Sardiña 2015”.

2º.- Que se autorice e comprometa un gasto por importe de 7.650,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0004 (Convenio Comisión Festas N. S. da Guía – Festa Sardiña) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2015

Na Casa do Concello de Vigo, a dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ana Laura Iglesias González, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don José Gonda Faria, como presidente da Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, CIF nº G-36.731.404 e enderezo social na rúa Alonso Ojeda nº 14 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 6114/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten por fin, entre outros, a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados cos ditos fins sociais. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa da Sardiña”, na carballeira do monte da Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades “Vigo en festas 2015”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.650,00 (sete mil seiscientos cincuenta) euros, a favor da Asociación Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Sardiña 2015 na Carballeira da Guía os vindeiros 1 e 2 de agosto.

VI.- Que a entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 6114/335.

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

PACTOS

***Primeiro.-** A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar coa Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo en canto a organización da Festa da Sardiña 2015 que terá lugar na carballeira da Guía os días 1 e 2 de agosto de 2015, e concretamente a:*

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona da carballeira da Guía que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2015".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 7.650,00 (sete mil seiscentos cincuenta) euros co obxecto de coadruar ao financiamento da organización da Festa da Sardiña 2015.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES68 2080 5063 3130 4002 2938, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total de 16.449 €
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os

mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderáse substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 7.650,00 euros”*

Décimo.- *Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

Décimo primeiro.- *Serán gastos subvencionábeis os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

Décimo segundo.- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Festas e Turismo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo terceiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo cuarto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- *A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2015 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- A concelleira da Área de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas e Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia

de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

A concelleira delegada da
Área de Festas e Turismo
Ana Laura Iglesias González

O presidente da Asociación de
Comisión de Festas Nosa Señora da Guía
José Gonda Faria”

3(906) .- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE LOS ENEMIGOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 6137/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/07/15, dáse conta do informe-proposta do 31/07/15 de rectificación de erros no prego de cláusulas administrativas e de rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local do 27/07/2015 no tocante á autorización do gasto, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa do servizo de Festas e conformado polo concelleiro de Contratación e pola concelleira de Festas. Así mesmo dáse conta do informe-proposta de clasificación e de adjudicación do procedemento de contratación da mesma data, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira-delegada de área que din o seguinte:

“NORMATIVA APLICABLE:

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

En data 27 de xullo de 2015 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de LOS ENEMIGOS no Auditorio de Castrelos (expte:6137/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 16 de xullo de 2015.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 56.603,30 € co ive incluído (cincoenta e seis mil seiscentos tres con trinta) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- *Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa "SWEET NOCTURNA, S.L" CIF: B-36998524, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación da artista LOS ENEMIGOS o día 1 de agosto de 2015 en Vigo, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente.*

Cuarto.- *Que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP".*

Estando en período de licitación o citado expediente se ten detectado un erro material no importe total do contrato, por canto se calculou mal o IVE.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Na cláusula 5.1 do PCAP se establece que:

"1.- O prezo do contrato que servirá de base á licitación é de 56.603,30 euros incluído o 21% de I.V.A. O importe do IVE é de 13.103,30 euros".

No entanto o correcto sería que dispuxese que "O prezo do contrato que servirá de base á licitación é de 52.635 euros incluído o 21% de I.V.A. O importe do IVE é de 9.135 euros".

Así mesmo, no apartado segundo do acordo citado de data 27 de xullo de 2015 se establece que "Autorizar un gasto por importe total de 56.603,30 € co ive incluído (cincoenta e seis mil seiscientos tres con trinta) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 "Festas de Vigo" do orzamento municipal vixente", cando o correcto sería autorizar o gasto por importe de 52.635 euros.

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105 LRJAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Rectificar na cláusula 5.1 do prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Los Enemigos no auditorio de Castrelos, as cantidades consignadas de IVE e prezo total do contrato, quedando a citada cláusula coa seguinte redacción:

"O prezo do contrato que servirá de base á licitación é de 52.635 euros incluído o 21% de I.V.A. O importe do IVE é de 9.135 euros".

2º.- Rectificar no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xullo a cantidade consignada como importe do gasto a autorizar, que quedaría coa seguinte redacción:

“Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 52.635 € co ive incluído (cincoenta e seis mil seiscientos tres con trinta) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.”

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Los enemigos no Auditorio de Castrelos (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Los enemigos no Auditorio de Castrelos (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión de 27 de xullo de 2015 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de LOS ENEMIGOS no Auditorio de Castrelos (expte:6137/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 16 de xullo de 2015.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 56.603,30 € co ive incluído (cincoenta e seis mil seiscientos tres con trinta) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.

Terceiro.- Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa “SWEET NOCTURNA, S.L” CIF: B-36998524, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación da artista LOS ENEMIGOS o día 1 de agosto de 2015 en Vigo, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente..”

Segundo.- En data 27 de xullo de 2015 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil SWEET NOCTURNA, S.L., titular dos dereitos de exclusividade do artista Los Enemigos, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 28 de xullo de 2015 SWEET NOCTURNA, S.L., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 29 de xullo de 2015, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dña. Luz González Domínguez, e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión "Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a SWEET NOCTURNA, S.L., no presente procedemento."

A continuación se procedeu a apertura do "SOBRE B: PROPOSICIÓN TECNICA E ECONÓMICA", dándoselle traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP".

Quinto.- En data 30 de xullo de 2014, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que "Revisada a documentación, informase que o rider técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recollen as necesidades da actuación do grupo de rock "LOS ENEMIGOS" e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo. En canto a proposta económica presentada por SWEET NOCTURNA, S.L. CIF B-36998524 o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta das PCAP que fixa un prezo de 52.635 € co iva incluído".

Sexto.- En data 30 de xullo de 2015, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 11ª do PCAP.

Sétimo.- En data 30 de xullo de 2015, D. Raquel Seijo Enriquez, en nome e representación de SWEET NOCTURNA, S.L., representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 30 de xullo de 2015, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñe que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas, de data 28 de xullo de 2015, de valoración da oferta técnica e económica de SWEET NOCTURNA, S.L., no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Los Enemigos no Auditorio de Castrelos (expediente 6137-335) no seguinte orde decrecente:

1. SWEET NOCTURNA, S.L.

2º.- Adxudicar a SWEET NOCTURNA, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Los Enemigos no Auditorio de Castrelos (expediente 6137-335) por un prezo de 52.635,00 € euros, sendo a cota correspondente o IVE de 9.135 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba as propostas contidas nos precedentes informes, ambos de data 31/07/2015.

4(907).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE JULIETA VENEGAS NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 6136/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/07/15, dáse conta do informe-proposta do 31/07/15, da xefa do servizo de Contratación e da xefa do servizo de Festas conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Julieta Venegas no Auditorio de Castrelos (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Julieta Venegas no Auditorio de Castrelos (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión de 27 de xullo de 2015 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

*“**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación de prestación de servizos para actuación artística de JULIETA VENEGAS no Auditorio de Castrelos (expte:6136/335), que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 6 de xullo de 2015, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 16 de xullo de 2015.
Segundo .- Autorizar un gasto por importe total de 47.795 € co iva incluído (coarenta e sete mil setecentos noventa e cinco) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.09.06 “Festas de Vigo” do orzamento municipal vixente.*

***Terceiro.-** Abrir un procedemento negociado sen publicidade, en base ao artigo 170.d) do TRLCAP por razóns de dereitos de exclusividade sobre o espectáculo proposto, coa empresa **ESMERARTE INDUSTRIA CREATIVAS, S.L** CIF:B- 27786045, como empresa autorizada en exclusiva para a actuación da artista internacional **JULIETA VENEGAS** no Auditorio de Castrelos o día 7 de agosto de 2015 ás 23,00 horas, tal e como se recolle no escrito que se achega ao expediente”.*

Segundo.- En data 27 de xullo de 2015 o servizo de contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento á mercantil *ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, titular dos dereitos de exclusiva do artista Julieta Venegas, concedéndolle un prazo de 5 días para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 28 de xullo de 2015 *ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 28 de xullo de 2015, reunidas na oficina de contratación a xefa do servizo de Festas, Dña. Luz González Domínguez e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez, se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión “Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a *ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, no presente procedemento.”

A continuación se procedeu a apertura do “*SOBRE B: PROPOSICIÓN TECNICA E ECONOMICA*”, dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP”.

Quinto.- En data 28 de xullo de 2015, en informe da xefa do servizo de Festas, se manifesta que “Revisada a documentación, informase que o rider técnico axústase ao estipulado no prego de prescricións técnicas particulares do expediente que recolle as necesidades da actuación da artista internacional “*JULIETA VENEGAS*” e do seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo. En canto a proposta económica, o prezo ofertado axústase ao establecido na cláusula quinta do PCAP que fixa un prezo de 47.795 € co IVE incluído”.

Sexto.- En data 29 de xullo de 2015, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 11ª do PCAP.

Sétimo.- En data 29 de xullo de 2015, D. Joaquín Martínez Silva, en nome e representación de *ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 29 de xullo de 2015, a xefa do servizo de Festas, á vista do actuado, propoñen que o órgano de contratación realice a clasificación neste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma

directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe da xefa do servizo de Festas e o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, de data 28 de xullo de 2015, de valoración da oferta técnica e económica de *ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Julieta Venegas no Auditorio de Castrelos (expediente 6136-335) no seguinte orde decrecente:

1. *ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*

2º.- Adxudicar a *ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.*, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística de Julieta Venegas no Auditorio de Castrelos (expediente 6136-335) por un prezo de 47.795 euros, sendo a cota correspondente o IVE de 8.295 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(908).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7614/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 31/07/2015 da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de xullo de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 31 de xullo de 2015, de “Excluir a CESPACOMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A, do procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446), porque a súa oferta económica contende valores contraditorios entre o prezo do contrato expresado en euros e o porcentaxe de rebaixa que este prezo representa sobre o prezo de licitación do contrato, non presentando aclaración ó respecto durante o prazo concedido ó efecto e indicando na xustificación dos valores anormais da súa oferta un importe anual do contrato distinto ó indicado na súa oferta económica”

Segundo.- Excluir da presente licitación a mercantil VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non xustificar ós mesmos, por canto existe unha discrepancia no presuposto desglosado do servizo axuntado no sobre B e o cadro resumen achegado na documentación xustificativa da baixa xa que non coinciden as porcentaxes económicas destinadas a persoal, maquinaria e vehículos, materiais funxibles; ademais a financiación e amortización a que fai referencia o cadro do presuposto desglosado non existe no cadro resumen económico da xustificación”.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)” no seguinte orde decrecente:

	LICITADORES	Puntos
1.	ALTHENIA,S.L.	96,09
2.	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE- EL EJIDILLO	95,42
3.	API MOVILIDAD	93,93
4.	UTE INGESAN-OHL.	92,25
5.	ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	90,56

6.	UTE MACRAUT INGENIEROS S.L – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN S.L.-ARCEBANSÁ S.A.	85,21
7.	ABSA.	79,65
8.	ELSAMEX,S.A	61,51
9.	TALHER,S.A.	60,32
10.	GESECO, S.A.	48,37
11.	EULEN,S,A.	40,13
12.	GRUPO RAGA, S.A	33,51

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTHENIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 3.000.000 €.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 623,24 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

O CONCELEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Cayetano Rodríguez Escudero.